

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A COMUNIDADE XITANA EN GALICIA, ENMARCADAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación Secretariado Xitano o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Secretariado Xitano, a través da concesión directa dunha subvención, para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero en Galicia e sensibilizar e promover relacións igualitarias entre homes e mulleres da comunidade xitana.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Fundación Secretariado Xitano, entidade de natureza fundacional recoñecida e inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal co número 630, é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1729, que presta servizos para o desenvolvemento da comunidade xitana en España e Europa, e ten como finalidade a promoción integral da comunidade xitana desde a atención á diversidade cultural; orienta o seu traballo na mellora do acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos e recursos sociais en igualdade de condicións co resto dos e das cidadás/ns, realiza accións dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas xitanas e a potenciar o recoñecemento, o apoio e o desenvolvemento da súa identidade cultural; leva a cabo actividades nas áreas de emprego, inclusión social, educación, saúde e igualdade de xénero.





A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento dun Programa de atención e apoio a mulleres xitanas vítimas de violencia de xénero e de sensibilización sobre igualdade de xénero.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero e as e os menores que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, unha atención especializada e integral. En Galicia a entidade dispón dunha importante solvencia avalada por décadas de traballo coa poboación xitana galega. Goza de implantación de ámbito autonómico e conta con sedes nas sete cidades galegas de maior tamaño e cunha estrutura de persoal e recursos importantes para levar a cabo os proxectos e debido as especificidades do proxecto e ao colectivo ao que vai dirixido non hai entidades alternativas para o seu desenvolvemento sendo a única entidade que desenvolve actuacións específicas en materia de violencia de xénero para a poboación xitana na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

